

A literatura popular nas Polafías

Unidade didáctica para Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) elaborada por

[Xosé Manuel Varela Varela](#)

[https://gl.wikipedia.org/wiki/Xosé_Manuel_Varela]

Unha iniciativa da



A elaboración desta unidade didáctica e a súa subida á sección [Espazo Didáctico](http://www.aelg.gal/espazo-didactico) [http://www.aelg.gal/espazo-didactico] da [web da AELG](http://www.aelg.gal) [http://www.aelg.gal] foi posíbel grazas ao convenio de 2015 coa Deputación Provincial de Lugo.



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

<http://www.v1deputacionlugo.org/cultura.php?idioma=gl>

Índice

1. [Presentación](#)
2. [Obxectivos e metodoloxía](#)
3. [A literatura popular](#)
4. [O conto popular](#)
5. [A lenda](#)
6. [A lírica popular](#)
7. [Adiviñas, refráns, sentenzas e frases feitas](#)

1. Presentación

As **polafías** son un proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coordinado polo vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, e que conta coa colaboración de diversas asociacións e co patrocinio de institucións públicas.

A palabra **polafía** é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego.

O termo **polafía** quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos.

A principal **diferenza**, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora nos axudamos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio.

O elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constitúeno os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores... etc., veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolva a polafía, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber.

Con parte deste material recollido, elaboramos no presente traballo unhas propostas para achegarse a el desde o punto de vista da literatura popular desde os xéneros da narrativa e da poesía. Con ela pretendemos achegar un material complementario que sirva para traballar o apartado da literatura popular na materia de Lingua e Literatura Galega nos cursos de 1º e 2º de ESO.

2. Obxectivos e metodoloxía

Entre outros, os obxectivos que pretendemos que o alumnado acade son os seguintes.

- a) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- b) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- c) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- d) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

O modo de traballar sobre estes textos será sempre coller como camiño de inicio a audición e visualización do correspondente vídeo. Con iso favorecerase o uso das novas tecnoloxías nas aulas ou noutros espazos de dinamización. Desta maneira, o receptor acudirá á verdadeira fonte de información coma se realmente realizase el/ela mesmo/a un traballo de campo. Terá na súa man tamén o texto transcrito na súa versión lingüística fiel aos informantes. Despois, propónselle unha ampla listaxe de tarefas coas que descubrir máis os recursos e riqueza da literatura de tradición oral. Todas as propostas son para realizar en grupo e, en moitas ocasións, inclúen propostas de dinamización na aula, no centro ou mesmo en colectivos sociais onde se desenvolvan as tarefas.

3. A literatura popular

Pénsase con frecuencia que literatura só son aquelas obras creadas por escritores coñecidos (os creadores da literatura culta) e rexéitanse as creacións nacidas do pobo, ou sexa, a literatura popular. Pois, a literatura popular tamén é literatura.

a) Trazos da literatura popular

	Literatura popular
Autoría	Os textos da literatura popular non posúen autores coñecidos. Polo tanto, son anónimos. Non obstante, hai moitos autores cultos e poetas populares que crean textos imitando o estilo popular.
Modo de transmisión	O xeito de transmisión é oral. Faise de xeración en xeración. Este modelo de transmisión provoca que existan diversas versións ou variantes dun mesmo texto.
Linguaxe	Emprégase unha linguaxe sinxela con moitos trazos propios da lingua oral (dialectalismos, popularismos, castelanismos)
Recursos estilísticos	Nela bótase man de recursos que favorezan a memorización dos textos como son os paralelismos e as repeticións, así como chamadas de atención aos receptores.

b) Manifestacións da literatura popular

Na cultura galega encóntranse manifestacións da literatura popular escritas tanto en prosa coma en verso: narracións breves, textos en verso, refráns ou frases feitas, sentenzas e adiviñas:

- **Manifestacións en prosa.** Confórmana os **contos** e as **lendas**. Empregábanse para entreter e transmitir ensinanzas ou saberes á comunidade.
- **Manifestacións en verso.** Compóñenas un amplo abano de textos como as **coplas**, as **cantigas**, as **panxoliñas**, os **cantos de berce** e os **romances**. Moitos destes textos eran cantados e mesmo acompañaban a distintos ritmos de baile (muiñeiras, xotas, pasodobres). Os cantos de labor interpretábanse nas distintas tarefas agrícolas: as mallas, a vendima, a sega, as fiadas do liño... Outros textos en verso asociábanse ás distintas épocas ou festas do ano: as panxoliñas durante as festas do Nadal, as coplas para os Maíos, para o Magosto ou para o Entroido...
- Outras mostras son as **adiviñas**, **refráns**, **frases feitas** ou **sentenzas**, textos que expresan un pensamento breve baseado na experiencia.

4. O conto popular

O **conto popular** é unha narración breve e enxeñosa que posúe como finalidade entreter e, ás veces, transmitir algunha ensinanza de tipo práctico ou moral. Comunican os valores sociais da comunidade que os crea. Transmítense oralmente de xeración en xeración; non obstante, poden chegar á escrita a través do traballo de autores que os compilan ou realizan versións deles.

1) Características do conto popular

Os contos populares presentan as seguintes características básicas:

- Os seus personaxes inspíranse en **tipos populares**: o xastre, o cura, o camiñante... Estes personaxes poden representar un defecto ou unha virtude e definirse por un trazo do seu carácter ou do seu oficio.
- A historia que se narra **carece** dunha **localización espacial** e **temporal** concreta.
- A **estrutura** da narración é **sinxela**: organízase en presentación, nó e desenlace; só existe unha única historia principal; pode haber paralelismos tanto na presentación de personaxes como na de situacións e acontecementos.
- A **linguaxe** é **clara** e é frecuente que aparezan **fórmulas** de **apertura** (*Hai moitos anos...*, *Existiu unha vez...*, *Nun tempo pasado...*, *Había unha vez*) e de **peche** (*Foron felices e comeron perdices*, *Conto contado*, *conto rematado...*)

2) Clasificación dos contos populares

Os contos populares poden clasificarse atendendo a varios criterios:

- Atendendo á **natureza** dos feitos que narran, poden ser **marabillosos** –presentan feitos fantásticos- ou **realistas** –relatan feitos que poden pertencer á realidade cotiá.
- Atendendo á súa **intención**, poden ser **exemplares** –transmiten unha ensinanza-, **humorísticos** –provocan o riso-, etc.
- Atendendo ao **tipo** de **personaxes** que os protagonizan poden ser contos de **seres encantados**, de **fadas**, de **animais**...
- Atendendo ao **tema** tratado, pódese falar de contos de **costumes**, de **oficios**, de **mortos**, de **animais**, de **lobos**, de **meigas**...

Actividades [contos]

Por que dous cans cando se atopan sempre se uliscan o cu

Sucedeu que unha vez tivo lugar unha festa na que unicamente podían entrar os cans e, a aquela festa, acudiron cans de todo o contorno: grandes e pequechos, con rabo e sen el, de raza ou de palleiro; en fin, creo que acudiron todos os cans do mundo.

Á entrada da festa, como era pertinente, os cans, para non lle dar mala impresión, tiñan que deixar, como se fose nun colgadoiro, colgado o seu cu. Pouco a pouco, foise xuntando alí cus de todas as razas e todos os cans.

A festa transcorría de maneira apacible e os cans divertíanse dando brincos, bailando e saltando, tratando de impresionar ás femias que andaban por alí. Pero sucedeu que, por un quítame alí esas pallas, dous cans empezaron a ensinarse os dentes un ao outro.

Primeiro empezaron por pouca cousa pero aquilo foi a maiores e pasaron xa a unha pelexa onde os dentes mordían todo o que pillaban. Como pasa en calquer liorta, pronto outros cans se sumaron a ela e pouco aquilo foi unha batalla campal.

A maioría dos cans, que non querían verse implicados na pelexa, empezaron a fuxir. Pero o problema foi ao saír: cada can deixara o seu cu colgado e agora, cas présas, os cans collían calquera cu e poñíanlo. O importante era liscar a présa e levar polo menos un cu. Claro está que, nunha gran maioría, cu e can no coincidían.

Por eso agora, calquera can que se atopa con outro, a primeira cousa que fai é mirarlle o cu, non vaia ser que o cu que trae o compañeiro, vaia a ser o del, non?

A min, polo que teño observado, paréceme que, anque pasou tanto tempo, moi poucos son os cans que localizaron o cu pois cando un can ve vir a outro xa se pon a alerta e debe pensar: Será o meu cu o que trae ese can?

Por que dous cans cando se atopan sempre se uliscan o cu

Polafía: [Tor-Monforte de Lemos \(Lugo\)](#)

Lugar: Pazo de Tor

Data: 22 de outubro de 2011

Informante/Intérprete: [Alfonso Campos](#)

<http://www.aelg.org/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=509>



1. **Realizade** a visualización do conto no enlace da AELG.
2. **Identificade** a estrutura do conto: introdución, nó e desenlace.
3. Cales son os personaxes que aparecen no conto? Que se di deles? Como se definen? Que representan: unha virtude ou un defecto? **Razoade** as vosas respostas.
4. Que ensinanza transmite este conto?
5. **Xustificade** a ausencia de localización espacial e a inconcreción temporal.
6. Utilízanse fórmulas de apertura e peches dos contos? De se utilizaren, cales son?
7. **Clasificade** este conto atendendo á súa natureza, intención, tipo de personaxes e tema. **Xustificade** a vosa resposta.
8. Cales son os significados das seguintes frases feitas?: «Por un quítame alí esas pallas», «ensinar os dentes», «empezar por poucas cousa», «ir (algo) a maiores», «(ser algo) unha batalla campal», «liscar a présa» e «poñerse a alerta».
9. **Escribide** unha oración con cada unha das frases feitas anteriores.

Contacontos

1. **Repartídevos** os contos en grupos segundo os tipos que aparecen en «Vídeos por xénero»: conto (97), conto colorado (12), conto de animais (2), conto de maxia (1), conto marabilloso (5), conto relixioso (1), conto de mentiras (1) e conto novelesco (2). Axeitade o número de compoñentes do grupo ao número de contos que hai de cada tipo; poden sobrar vídeos.
2. Cada membro do grupo **debe visualizar** un dos contos do tipo que lle tocou e xustificar por que pertence a ese tipo.
3. Cada compoñente **deberá reescribir** o conto que lle tocou. Para iso, **eliminará** palabras que son interferencias textuais do momento da gravación da Polafía. **Tratará de obter** unha versión do conto breve e atractiva pero que conserve gran parte do conto orixinal.
4. Cadaquén **aprenderá** o seu conto de memoria.
5. Por último, **realizade** unha sesión de contacontos na aula.

Observación

Esta sesión de contacontos, máis ampla ou curta, tamén se pode realizar en actividades estacionais do centro académico como pode ser o Festival do Día das Letras Galegas, etc.

TIC

1. **Gravade** en vídeo as vosas participacións na sesión de contacontos.
2. **Colgade**, de modo clasificado, cada vídeo nas webs e redes sociais do colexio.

Un país de contos

1. **Buscade** un mapa de parroquias de Galicia e reproducídeo en tamaño A3 ou formato cartolina.
2. **Coloreade** todas aquelas parroquias nas que se gravasen contos nas Polafías.
3. **Anotade** ademais o nome de cada parroquia.
4. **Escribide** ao lado o título do conto e nome do/a informante. Tamén podedes obter unha imaxe para pegar do informante se realizades un pantallazo a algún momento do vídeo no que mellor se perciba a imaxe do mesmo.
5. Por último, **pegade** este mapa do “país dos contos” no taboleiro da vosa aula.

5. A lenda

As **lendas** son narracións breves nas que se presentan historias relacionadas con lugares, personaxes ou feitos reais coa particularidade de incorporar elementos fantásticos ou marabillosos.

1) Tipos de lendas

No tocante ao seu **contido**, pódense clasificar nos seguintes tipos:

- Lendas **históricas**: recrean sucesos históricos.
- Lendas **haxiográficas**: narran feitos ou milagres da Virxe ou dos santos.
- Lendas **etnográficas**: narran a historia e crenzas dos pobos (de castros, de mouros, de tesouros...)
- Lendas que explica a **orixe** ou **nome** dun **lugar**.

2) Distinción entre lenda e conto marabilloso

A **lenda** diferénciase dun **conto marabilloso** en que a historia que narra a lenda sempre está localizada nun espazo e nun tempo determinados.

Actividades [lendas]

A desaparición de Alegrín

Se refire, pois bueno, a unha aldea que eu non sei se coñecedes a Brevia, a praia da Brevia. Hai alí mui cerquiña hai unha praia que se chama Alegrín, un areal, un pequeno areal, anque bueno, mais ben un pedregal hoxe. I alí fai varios centos de anos había pois un pobo que vivían todos mui felices, de aí o nome Alegrín. Vivían...pero que pasa que non permitían que ningún estranxeiro formara parte do seu círculo.

Un bo día, unhos mariñeiros saían a primeira hora da mañán i atoparon alí na praia, un home, alí pois bueno, alí tirado, medio morto i o home suplicoulle axuda. Eles temerosos, claro, era un estranxeiro, que fixeron? Pois, nada, a estes non lle damos nin auga nin nada o que temos é que afastalo para que non nos...traiga o mal aquí para, para o pobo. Entonces colleron unha barca e hai un illote que se chama Gaveira, que queda a menos de media milla alí da costa e levárono para alí, alí o abandonaron.

Bueno, volveron, pero esa noite algo nunca visto, porque alí nunca pasaba nada sempre era bo tempo e todos felices pois unhas treboadas que vamos que nin os nenos sabían o que era iso. A xente, medoñenta, empezou a pechar as fiestras, a meterse dentro, a ir ás casas i con isto sentiron un estrondo enorme, un estrondo enorme tamén, o mar nunca o producira, viña do mar. Empezaron a asomar alí detrás da fiestra i unha gran ola que sae do illote de Gaveira vén i arrasa a praia. Disque, pois que non se sabe mui ben si o que causou o fenómeno era Santiago ou Santo André, hai dudas non? Hai dudas. O certo é que desapareceu o pobo i hasta hoxe. Hai un cementerio, un lugar mellor dito que se chama a Couga que queda alí moi pretiño, i desto os veciños xuran que é certo, e... que era o antigo cementerio dos habitantes de Alegrín.

Pois din que cando chega a Semán Santa pois tódalas noites sinten as badaladas da campá, pois bueno, como moitas campás que hai espaxadas por Galicia é o seu laído, o seu choro polo que aconteceu.

A desaparición de Alegrín

Polafía: **San Cibrao-Cervo (Lugo)**

Lugar: Museo Provincial do Mar

Data: 12 de decembro de 2009

Informante/Intérprete: **Francisco Xabier Moure Salgado**

Idade no momento da gravación: 51 anos

Xénero: **Lenda**

<http://www.aelg.org/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=189>



1. **Realizade** a visualización da lenda no enlace da AELG.
2. **Explica** por que é unha lenda? **Xustificao** apoiándote con exemplos do texto.
3. Cal é o seu elemento marabilloso?
4. Respecto do seu contido, que tipo de lenda é? **Xustificade** a vosa resposta.
5. **Analizade** a estrutura da lenda: introdución, nó e desenlace. Que se conta en cada parte?

En grupo

En grupo visualizade as lendas das Polafías en «Vídeos por xénero», lendas (47) e lenda haxiográfica (1), e clasificádeas, marcando cun X, segundo a súa tipoloxía.

Título	Histórica	Haxiográfica	Etnográfica	Orixe (lugar)
A aparición de San Cibrán de Tomeza (Figueirido. Vilaboa)				
A bruxa de Outes (Serra de Outes)				
A casarella (Maceda)				
A Cova do Xacintón (Cerqueda. Malpica de Bergantiños)				
A desaparición de Alegrín (San Cibrao. Cervo)				
A fonte da Penela (Vilamartín de Valdeorras)				
A fonte das Aureanas (Neda)				
A maldición de San Cibrán (Figueirido. Vilaboa)				
A moa de ouro (Xirarga. Beariz)				
A moura do río dos Gafos (Figueirido. Vilaboa)				
A Pena do Encanto de Cazás (Cabreiros. Xermade)				
A Tía Caniza, a compañia e varios sucedidos (Xirarga. Beariz)				
A vila asolagada de Galilea (Arteixo)				
As cobras que maman nas vacas (Neda)				
As mouras (Tor. Monforte de Lemos)				
Catalina de Santiso (Narla. Friol)				

Fonte das Meigas (Arteixo)				
Lenda da Pedra da Vella (Arteixo)				
Lenda da Tapada do Almestro (Tor. Monforte de Lemos)				
Lenda das Penas do Demo (Arteixo)				
Lenda de Cruceiros (Cerqueda. Malpica de Bergantiños)				
Lendas da Paralaia (Moaña)				
Lendas da ponte de Rus e do castro de Cazás (Cabreiros. Xermade)				
Lendas da Torre de Meira (Moaña)				
Lendas de Domaio (Moaña)				
O altar de Brigo de Durmideiras (A Coruña)				
O cambio dos santos de Lanzós e Santaballa (Santaballa. Vilalba)				
O cego e o violín enterrados en Cabreiros (Cabreiros. Xermade)				
O demo na Mourela (Neda)				
O milagre da Virxe de Pastoriza (Arteixo)				
O penedo do Tesouro (Maceda)				
O primeiro Santo Andrés de Teixido, en Xermade (Cabreiros. Xermade)				
O que ocupa a pel dun boi e a orixa das Correas (Xirarga. Beade)				
O tecelán de Carballás (Cerdedo)				
O trasno do múíño da Ponte (Cerdedo)				
Obra dos romanos (Arteixo)				
Os mandamentos dos pobres (Arteixo)				
Os mouros do Castro de Castelo (Arteixo)				
Os sete irmáns de San Cibrao e outros sucedidos (Figueirido. Vilaboa)				
Rodrigo de Canaval (Tor. Monforte de Lemos)				

San Bartolomeu de Lañas (Arteixo)				
San Vicente de Francos (San Cibrao. Cervo)				
Toponimia relacionada cos santos (Arteixo)				
Un misterio do Pazo de Tor (Tor. Monforte de Lemos)				
Unha persoa con poderes (Arteixo)				
Vedoiros, vedoiras e avisos de morte (San Cibrao. Cervo)				
Visión da Tía María (Vilar de Santos)				

Realizade unha posta en común, entre todos os grupos, cos resultados obtidos.
Contrastade as diferenzas encontradas nas vosas análises.

Contalendas

1. **Repartídevos** as lendas que aparecen en «Vídeos por xénero». Axeitade a escolla ao número de compoñentes da aula; poden sobrar vídeos.
2. **Visualizade** a lenda que vos tocou a cada un/unha e xustificade porqué é unha lenda.
3. **Reescribide** a lenda que lle tocou. Para iso, **eliminade** palabras que sexan interferencias textuais do momento da gravación da Polafía. **Tratade de obter** unha versión da lenda breve e atractiva pero que conserve gran parte da lenda orixinal.
4. Cadaquén **aprenderá** a súa lenda de memoria.
5. Por último, **realizade** unha sesión de contalendas na aula.

Observación

Esta sesión de contalendas, máis ampla ou curta, tamén se pode realizar en actividades estacionais do centro académico como pode ser o Festival do Día das Letras Galegas, etc.

TIC

1. **Gravade** en vídeo as vosas participacións na sesión de contalendas.
2. **Colgade**, de modo clasificado, cada vídeo nas webs e redes sociais do colexio.

Un país de lendas

1. **Buscade** un mapa de parroquias de Galicia e reproducídeo en tamaño A3 ou formato cartolina.
2. **Coloreade** todas aquelas parroquias nas que se gravasen lendas nas Polafías.
3. **Anotade** ademais o nome de cada parroquia.
4. **Escribide** ao lado o título da lenda e nome do/a informante. Tamén podedes obter unha imaxe para pegar do informante se realizades un pantallazo a algún momento do vídeo no que mellor se perciba a imaxe do mesmo.
5. Por último, **pegade** este mapa do "país das lendas" no taboleiro da vosa aula.

6. A lírica popular

A lírica popular está formada por manifestacións en verso, creadas polo pobo, de aí que teñan carácter anónimo, e transmitidas oralmente de xeración en xeración. A súa transmisión é fundamentalmente a través do canto e, nalgunhas ocasións, van acompañadas de baile.

1) As panxoliñas

As panxoliñas, que tamén se coñecen co nome de *vilancicos*, tratan o tema do nacemento de Xesús e cántanse durante toda a festividade do Nadal. As cantigas de Nadal en lingua galega gozaron de gran popularidade en toda a Península desde os séculos XVI e XVII. Era habitual cantar vilancicos galegos nas catedrais de Lisboa, Sevilla ou Madrid.

2) As cantigas populares

Segundo a súa temática, época do ano ou tipo de estrofa podemos distinguir estes tipos de cantigas populares:

- **Cantigas costumistas.** Tratan temas relacionados cos costumes sociais: as tarefas do campo, as festas, as romarías, a terra...
- **Cantigas sentimentais.** Tratan sentimentos íntimos: o amor, a familia, a ausencia do amado...
- **Cantigas de berce ou arrolos.** Con elas téntase adurmiñar a un meniño.
- **Os Maíos, as Comparsas de Entroido.** Conxunto de coplas populares cantadas e impresas, en moitas ocasións, nunha folla voandeira que satirizan actitudes de feitos do ano.
- **Romances.** Textos poéticos que adoitaban cantar os cegos por feiras, festas e romarías nas que se narraban todo tipo de feitos.
- **Parrafeos.** Conversa en verso entre unha parella de namorados ou pretendentes.

Actividades [panxoliñas]

Vímoslles a saludar.
Tamén vimos a cantar
costumes que se celebran
en Reyes e Navidá.

Era entre dous romeiros,
a cumprí-la romería.
Un deles era Xosé.
Outro, a Virxen María.

Camiñaban pra Belén
máis de noite que de día.
Cando chega ó portal,
a Virxe parir quería.

Abre esa porta, porteiro,
porteiro de portería.
Eu non lles abro esta porta
mentras que non chegue o día.

Alá pola medianoite,
a Virxe parir quería.
Tanto era a súa pobreza
que siquera un pano tiña.

Botou a man á cabeza.
Unha toca que traía
doblouna en tres pedazos,
onde o seu fillo envolvía.

Denos aguinaldos,
señora, por Dios,
para o nacemento
do neno de Dios.

E vaian sacando
algunha moneda
mentres lle tocamos
esta muiñeira.

Canto de Nadal

Polafía: **Cabreiros-Xermade (Lugo)**

Lugar: Casa-escola do Chao (Local social da Asociación de Veciños de Cabreiros)

Data: 28 de novembro de 2009

Informante/Intérprete: **Xavier Blanco**

Idade no momento da gravación: 43 anos

Xénero: **Vilancico**

<http://www.aelg.org/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=176>



1. **Realizade** a visualización deste texto no enlace da AELG.
2. A que tipo de lírica popular pertence o texto anterior segundo a súa temática? **Xustificade** a vosa resposta e **exemplificaa** con palabras do texto.

A estrutura

3. **Analizade** a rima do poema.
4. Este texto posúe tres partes: *saúdo*, *corpo* e *petición de aguinaldo*. Que estrofas corresponden a cada unha?
5. **Resumide** o contido de cada parte.
6. Que che suxire o primeiro verso? «*Vímoslles a saludar*».
7. A que fai referencia o verbo «*vimos*»? Quen son eses que veñen?
8. A quen se refire o pronome «lles»? A quen se saúda?
9. Que é un aguinaldo?
10. Que se pide no aguinaldo do texto?
11. Sabes que outros agasallos se piden como aguinaldo nos vilancicos galegos? Visualiza o vídeo do vilancico «*En el portal de Belén*» das «pandereteiras de Barro de Arén» da Polafía de Cerdedo (Pontevedra)
12. Que lles ofrecen a cambio do aguinaldo?

Os personaxes

13. Cales son os personaxes do corpo do texto?
14. Como se describen? Cal é a súa característica especial?

A representación

15. **Memorizade** e, en grupo, **cantade** o poema. Podedes acompañarvos dalgún instrumento de percusión coma a zambomba que aparece no vídeo.

Un país de cantos de nadal

1. **Buscade** un mapa de parroquias de Galicia e reproducídeo en tamaño A3 ou formato cartolina.
2. **Coloreade** todas aquelas parroquias nas que se gravasen cantos de Nadal nas Polafías.
3. **Anotade** ademais o nome de cada parroquia.
4. **Escribide** ao lado o título do canto de Nadal e nome do/a informante. Tamén podedes obter unha imaxe para pegar do informante se realizades un pantallazo a algún momento do vídeo no que mellor se perciba a imaxe do mesmo.
5. Por último, **pegade** este mapa do "país dos cantos de Nadal" no taboleiro da vosa aula.

Actividades [romances]

Se queren oíla
ireilles contando
a vida privada
de Manuel do Campo.
Ai, si, de Manuel do Campo!

Non podo vivire
así deste xeito
que eu a durmir solo
non estou afeito.
Ai, si, non estou afeito!

E díxolle o cura:
Prá cousa ir ben *he*
tes que preghuntarlle
i á burra tamen *he*.
Ai, si, á burra tamenhe!

Despois de facelo
botouse a chorare.
Eu á miña burra
n'a poido olvidar *e*.
Ai, si, n'a poido olvidare!

O Manuel do Campo,
cando era pequeno,
á primeira moza
deixouna cun neno.
Ai, si, deixouna cun neno!

E tiña unha burra
tan feita e tan linda
que a consideraba
coma da familia.
Ai, si, coma da familia!

E díxolle a burra:
Eso si que non *he*;
teño outro máis ghuapo
na corte do Anton *he*.
Ai, si, na corte do Antonhe!

Adiós, miña burra,
miña compañeira.
Mañán te levaba
co millo á feira.
Ai, si, co millo á feira!

E cando era novo
foi tunar a Mieres,
reghresou pr'á casa
con sete mulleres.
Ai, si, con sete mulleres!

E dixo Manuel:
Vou ao señor cura
que se me autoriza,
eu caso coa burra.
Ai, si, eu caso coa burra!

I eu ben cho coñezo
a ese ghalopín
e non creo que seña
máis burro que a tie.
Ai, si, máis burro que a tie!

Contestoulle a burra:
Tócate o carallo;
o millo, se queres,
lévalo no carro.
Ai, si, lévalo no carro!

E Manuel decía:
I eu que vou facer *e*
que as sete mulleres
n'as poido atender *e*.
Ai, si, n'as poido atender e!

E díxolle o cura:
Que o demo te vexa,
que eu non che autorizo
i a burra na ighlesia!
Ai, si, a burra na ighlesia!

E díxolle a burra:
Non presumas tanto;
se non é tan burro,
ten outros encantos.
Ai, si, ten outros encantos!

I a burra de morta
reghañaba os dentes
e iba decindo:
Adiós, meus parentes.
Ai, si, adiós, meus parentes!

E morreulle unha
pero el non ten pena
porque aínda lle queda
a media docena.
Ai, si, a media docena!

E díxolle (incomprens):
Élle a miña sorte.
Se non é na ighlesia,
cásenos na corte.
Ai, si, casemos na corte!

Dáme un bico burra
que eu sei que me queres
e non [es] tou disposto
a que me desprecies.
Ai, si, a que me desprecies!

I a burra de morta
levantaba o rabo
e botaba flores
pra Manuel do Campo.
Ai, si, pra Manuel do Campo!

Pasou algún tempo
i, entre unhas e outras,
de fame e disghustos
morréronlle todas.
Ai, si, morréronlle todas!

Prepara o pesebre
para a cerimonia
e tes que ir vestido
cunha albarda nova.
Ai, si, cunha albarda nova!

E díxolle a burra:
Ti, que eres tan ghuapo,
bícame, se queres,
por baixo do rabo.
Ai, si, por baixo do rabo!

Corréuselle a sona
do que lles facía.
Buscou e buscou
e ningunha o quería.
Ai, si, ningunha o quería!

E dixo Manuel:
Por eso non seña
que non hai casado
que albarda non teña.
Ai, si, que albarda non teña!

E Manuel, celoso
e cheo de furia,
colleu un coitelo
e matou a burra.
Ai, si, e matou a burra!

Historia de Manuel do CampoPolafía: [Xanceda-Mesía \(A Coruña\)](#)

Lugar: Praza do Concello

Data: 22 de maio de 2010

Informante/Intérprete: [Mini e Mero \(Xosé Luís Rivas Cruz e Baldomero Iglesias Dobarrío\)](#) Xénero: [Romance](#)<http://www.aelg.org/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=232>

1. **Realizade** a visualización deste texto no enlace da AELG:
2. **Analizade** a métrica das estrofas. Cal é a particularidade da súa medida?
3. Que función cres que desempeña á hora de cantar a repetición dos versos en cursiva?
4. En grupo, **create** un romance da mesma estrutura métrica ca o anterior. Cada compoñente deberá crear unha das súas estrofas

Romanceada

1. **Cantade** en grupo romance de Manuel do Campo. Para iso, escollede e memorizade unha estrofa cada un. O «retrouso», ou sexa, a «volta da copla» cantarédela a coro entre todos.
2. **Cantade** tamén o romance creado por vós.

TIC

1. **Gravade** en vídeo o voso recital de romances.
2. **Colgade**, de modo clasificado, cada vídeo nas webs e redes sociais do colexio.

Un país de romances

1. **Buscade** un mapa de parroquias de Galicia e reproducídeo en tamaño A3 ou formato cartolina.
2. **Coloreade** todas aquelas parroquias nas que se gravasen romances nas Polafías.
3. **Anotade** ademais o nome de cada parroquia.

4. **Escribide** ao lado o título do romance e nome do/a informante. Tamén podedes obter unha imaxe para pegar do informante se realizades un pantallazo a algún momento do vídeo no que mellor se perciba a imaxe do mesmo.
5. Por último, **pegade** este mapa do “país dos romances” no taboleiro da vosa aula.

En grupo

Repartídevos en grupos. Visualizade estes romances en Vídeos por xénero e clasificádeos segundo a súa temática.

Título
A casadiña infiel (Cerdedo)				
A flor da auga (Arteixo)				
A gaita de Cristovo (Tallo, Cabana, O Couto)				
Ai, amor! (Tor)				
Botámonos polo mundo (Tallo, O Couto)				
Delaidiña (San Cibrao)				
Dolor de la Virgen en el portal de Belén (Cerdedo)				
Eran dos angelitos que se querían (Cabana de Bergantiños, Tallo)				
Eran dos enamorados (Xirarga)				
La baraja de los naipes (O Couto)				
Mamed Casanova «Toribio» San Cibrao				
O comandante Moreno (Tor)				
O cura maila criada (Lugo)				
O demo en Piugos (Vilar de Santos)				
O paragüero (Serra de Outes, Cabana de Bergantiños)				
Quen é aquela señora (Arteixo)				
Romance da Tía Pepa (Cabana de Bergantiños)				

Romance de Gerineldo (Mondoñedo)				
Rosiña do Estanqueiro (Xanceda, Tor)				
Santa Helena (Cerdedo)				
Tres casamentos nun día (O Couto, Cerqueda)				
Tres casoiros nunha casa (Serra de Outes)				
Un mocito de Mugaridos (Cabana de Bergantiños)				
Voy a contar un caso (Tallo)				

Realizade unha posta en común, entre todos os grupos, cos resultados obtidos.
Contrastade as diferenzas encontradas nas vosas análises.

Actividades [comparsas]

Somos de Mens e Asalo,
dos máis froxos do lugar.
Non quixeron vir os outros
porque se queren casar.

Púxose a matar un porco
aló no noso rueiro
e ca punta do coitelo
picoulle un pernil enteiro,
*que ten máis corage
que algún carniceiro.*

Deixemos esas rapazas.
Botádelle tras un galgo.
Vamos falar das casadas.
Tamén lle fai falta algo.
*Si lle dan un dedo,
xa queren un brazo.*

E el queda caladiño
porque non ten que facer.
Algún antes de casar
valíalle máis morrer,
*pois si se devorcia
logo quer volver.*

Con cariño á xente toda,
querémosvos saludar
pedindo perdón a todos,
si nalgo vamos faltar,
*contando nas cousas
do noso lugar.*

Vamos indo cas mulleres
que nos dan ben que pensar,
que agora de trece anos
dinlle á nai: quero casar;
*e tamén de oito
queren mocear.*

Si o home lle di en serio:
Mañán voche dar o mando,
xa se poñen tan contentas,
un día réndelle un ano
*e despois o pobre
morre traballando.*

Aló na nosa parroquia,
xa di algún labrador:
Si fóramos traballar,
que nos era ben millor.
*Pero a culpa toda
tena o director.*

E a nai dille que non,
pensando que están sagradas,
e dalí a nove meses
xa quen llas dera casadas,
*porque agora elas
viven engañadas.*

Os lunes vanse po río,
empezan a borear.
Non se dan conta dos fillos,
se non debían calar.
*Algunha que vai
é por criticar.*

É un rapás mui formal.
Non se mete con ninguén.
Gústalle moito as mulleres
pero maldito unha ten,
*porque asta na casa
non lle queren ben.*

Pintan a cara e as pernas
e mais os dedos dos pés.
Ahora con estes mundos
todas andan ó rivés:
*a que non ten mozo
logo colle tres.*

Empezan pola mañán
e fan desas diabluras
e os pobriños dos homes
traballando como burros
*e elas na casa
pintando nas unllas.*

Deixemos o director,
que lle vai parecer mal.
Que lle queremos contar
a morte dun animal.
*Matouno un home
que era un criminal.*

Os pais que ten fillas desas
poden estar ben tranquilos.
De noite si andan por fóra,
Vigílanllas os veciños.
*Cóllen as no brazo
como os pequeniños.*

Así van pasando o día.
Algunha xa non fai nada
e o home entrégalle os cartos
ó termina-la semana
*e el no bolsillo
quédase sin nada.*

Pola matanza dos porcos,
chegou ó noso lugar
un matachín forasteiro.
Disque sabía matar
*e as cousas bravas
non poden quedar.*

Desas tamén hai algunhas
aló no noso lugar.
Aunque lle manden os pais,
xa non queren traballar,
*que se fan máis bravas
ca as ondas do mar.*

Despois si lle pide un peso,
será para comprar tabaco
e ela logo lle di: Se collo
un pau que te mato;
*vai pa borralleira
pra xunta do ghato.*

ComparsaPolafia: [Cerqueda-Malpica de Bergantiños \(A Coruña\)](#)

Lugar: Complexo-Hostaleiro Aldeola

Data: 13 de marzo de 2011

Informante/Intérprete: [Teresa Reigía Pose "Teresa dos Cucos"](#)

Idade no momento da gravación: 63 anos

Xénero: [Comparsa](#)<http://www.aelg.org/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=396>

1. **Realizade** a visualización deste texto no enlace da AELG.
2. No tocante ao xénero da lírica popular, **escollede** a afirmación correcta para «comparsa»:
 - a. [] Agrupación de persoas disfrazadas durante o Entroido.
 - b. [] Conxunto de persoas, galantemente vestidas, que saen a cantar coplas ou cancións de tema satírico en tempo de Entroido; estes textos poden estar impresos en follas voandeiras ou pequenos folletíns.
3. **Resumide** o contido de cada estrofa.
4. **Indicade** que estrofas corresponden a cada parte da estrutura dunha comparsa:

Entrada	Saúdo	Presentación director/a	Corpo satírico

5. **Analizade** a métrica dos dous tipos de estrofas que aparecen no texto.
6. Cal delas credes que é a «copla con volta»? Por que se lle chama así?

Comparsada

1. **Cantade** entre todos esta comparsa. Escollede unha estrofa cada un para cantar. A «volta», ou sexa, os versos 5 e 6 de cada estrofa, cantarédelos a coro entre todos.

Obradoiro de comparsas

Dividídevos en varios grupos na aula para «compoñer» a vosa comparsa ao xeito do que acabamos de traballar. Cada grupo fará a súa comparsa. Seguides estes pasos:

1. **Elixide** a temática a tratar. Pode ser un tema relacionado co centro académico, co barrio no que vivides, etc.
2. **Preparade** as estrofas de cada parte da estrutura da comparsa. **Lembrede** que o maior número é para o corpo satírico.
3. **Repartídevos** nos papeis de «director», solistas e coro da comparsa.
4. **Ensaíade** a súa interpretación cantada. **Podedes** acompañarvos de algún instrumento musical.
5. **Vestídevos** de «comparseiros», cunha vestimenta uniforme. O director deberá levar algunha peza de vestimenta, por exemplo, gorro de mariño, que indique o seu rango. Ademais, deberá dispoñer da súa «batuta» de dirección e mando.
6. **Realizade** un festival de comparsas. **Podedes** facer coincidir este festival coas actividades de Entroido do colexio.
7. Un xurado **elixirá** a mellor comparsa baseándose na calidade dos textos pero tamén na súa execución á hora de interpretala.

TIC

1. **Gravade** en vídeo os vosas comparsadas.
2. **Colgade**, de modo clasificado, cada vídeo nas webs e redes sociais do colexio.

Un país de comparsas

1. **Buscade** un mapa de parroquias de Galicia e reproducídeo en tamaño A3 ou formato cartolina.
2. **Coloreade** todas aquelas parroquias nas que se gravasen comparsas nas Polafías.
3. **Anotade** ademais o nome de cada parroquia.
4. **Escribide** ao lado o título da comparsa e nome do/a informante. Tamén podedes obter unha imaxe para pegar do informante se realizades un pantallazo a algún momento do vídeo no que mellor se perciba a imaxe do mesmo.
5. Por último, **pegade** este mapa do “país das comparsas” no taboleiro da vosa aula.

Actividades [poesía de inspiración popular]

A miña neta máis vella

A miña neta máis vella
chámase Laura Ramil.
Canta alegría me veu
e moito máis cando a vin!

Ai, miña netiña,
canto eu te suspiraba
para cando fora vella
ter quen me acariciara!

Eva, Eviña,
éche moito o que che quero.
Sempre que me vexas mal
hasme coidar con esmero.

Miña María pequena,
como a ti no hai ningunha,
que me quentaches a cariña
co calorciño da túa.

Canto che quero Aniña!
Que contentiña me tes!
Espero que, cando eu non poida,
ti me quentes os pés.

A miña neta máis vella

Polafía: **Cabreiros-Xermade (Lugo)**

Lugar: Casa-escola do Chao (Local social da Asociación de Veciños de Cabreiros)

Data: 28 de novembro de 2009

Informante/Intérprete: **Alicia Crespo Ares**

Idade no momento da gravación: 74 anos

Xénero: Poesía

<http://www.aelq.org/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=168>



1. **Realizade** a visualización deste poema popular no enlace da AELG.
2. **Resumide** o contido de cada estrofa.
3. **Analizade** a métrica de cada estrofa.
4. **Indicade** por que é un poema de estilo e inspiración popular.

En grupos

5. **Organizádevos** en grupos para realizar un poema de estilo popular. **Escollede** un tema por grupo. Cada compoñente do mesmo **deberá propoñer** un aspecto dese tema. Arredor del **creará** unha ou dúas estrofas. **Organizade** as estrofas seguindo unha orde estrutural. Por último, **realizade** un recital cos poemas creados por cada grupo.

TIC

1. **Gravade** en vídeo o voso recital poético.
2. **Colgade**, de modo clasificado, cada vídeo nas webs e redes sociais do colexio.

Un país de poetas populares

1. **Buscade** un mapa de parroquias de Galicia e reproducídeo en tamaño A3 ou formato cartolina.
2. **Coloreade** todas aquelas parroquias nas que se gravasen poemas populares nas Polafías.
3. **Anotade** ademais o nome de cada parroquia.
4. **Escribide** ao lado o título do poema e nome do/a informante. Tamén podedes obter unha imaxe para pegar do informante se realizades un pantallazo a algún momento do vídeo no que mellor se perciba a imaxe do mesmo.
5. Por último, **pegade** este mapa do "país dos poetas populares" no taboleiro da vosa aula.

Outros vídeos de poesía ou poesía popular

En grupo, **visualizade** os vídeos de «Poesía» (108) e «Poesía popular» (38) na sección «Vídeos por xénero». **Analizádeos** brevemente na súa temática, métrica e estilo. A continuación, **expoñédelle** os trazos encontrados propios da poesía popular ao resto dos grupos, previa visualización colectiva na aula dese vídeo. Por último, **escollede** o poema popular que máis gustase á maioría dos participantes da aula.

7. Adiviñas, refráns, sentenzas e frases feitas

1) Adiviñas

As **adiviñas** son enigmas ou preguntas enxeñosas cos que se pretende entreter os oíntes mentres buscan a resposta. Poden ser en prosa ou en verso.

*Entre trinta e dúas pedras brancas
está unha moura encantada;
que chova, que faga sol,
sempre está moura e mollada.*

2) Refráns

Os **refráns** son frases curtas de forma fixa coa que se expresa un pensamento popular que está baseado na experiencia.

Todos cantan na voda menos a noiva, que esa quere rir e chora.

3) Sentenzas

As **sentenzas** son ditos ou frases que expresan un consello ou xuízo da sabedoría popular.

4) Frases feitas

As **frases feitas** son expresións inalterables e de sentido figurado utilizadas na lingua común. Non inclúen unha sentenza.

Vai arder Troia (significa que se vai producir un conflito ou unha grande axitación)

Actividades [adiviñas]

Tres adiviñas

A primeira adivinanza: estudante de gramática e teoloxía, bueno que estudia, cal é a ave que non ten peitos e cría, ós vivos dá sustento i ós mortos alegría. Eso é a abella.

- Ai! Xa deu o resultado oh! Bueno, o que atine a seguinte a parte das coplas en pro... como se chama? Castelo... Como lle chamades? Torre de Friol, pro Torre de Friol, tamén leva o romance de Manuel Blanco Romasanta, o home lobo de Allariz, vale? Home máis xeneroso non podo ser. Repítea pero non des o /non des a resposta.

- A do cura era: chega á porta dunha casa encontra un neno e dícelle:

- Que fas aí, meu neno?

- Nin dentro nin fóra, señor cura.

- Onde vai teu pai?

- Meu pai vai cazar, si caza non trae e si trae non caza.

- E onde vai túa nai?

- Miña mai está cocendo pan que comemos onte á noite.

- E onde vai túa irmá?

- Miña irmá está chorando na habitación os amores que tuvo o ano pasado.

- Esta é máis complicada e, esta é máis complicada. Alguén sabe o resultado? Eu escoitei esta adiviña formando parte dun conto; é dicir, forma parte do que é a estrutura dun conto bastante máis extenso.

- Eu xa digo, fai/estes contábaos Anghelito das Penas fai xa, por aí, corenta anos.

- Mira canto aforramos.

- Bueno, pois o pequeno estaba na porta da casa (incomprensíbel) estaba pa dentro e pa fóra, nin estaba dentro da casa nin estaba fóra da casa, preguntou por seu pai e seu pai estaba cazando as pulgas: se as cazaba non as tiña e se as tiña pois non as cazaba e súa mai estaba cocendo pan que habían comido do día anterior prestado dun veciño. Estaba cocendo pa devolve-lo e súa ermá, pois tivera un lío o ano pasao, estaba embarazada e estaba dando, dando a luz arriba na habitación

- Perdón, subimos a oferta, o que saiba o resultado da terceira: as coplas pro Torre de Friol, o romance de Manuel Blanco Romasanta i ademais Álvaro dixo que cantaba outra vez as coplas.

- A terceira non sei se / a terceira estaban dúas rapazas e dice: por alí veñen os nosos pais, maridos de nosas mais, pais dos nosos fillos e os nosos maridos mesmos. Entonces este eran

- A ver, a ver, a ver, a ver...

- Este eran dúas rapazas

- Espera que nos xogamos que cante Álvaro que é o premio máis importante.

- Eran dúas viúdas e cada unha tiña a súa filla entón casaron ao cambiado despois o pai dunha casou ca filla do outro

- Esa era a resposta?

- Si, si, si

- Moi ben señora, premio!

Tres adiviñas**Polafia:** Narla-Friol (Lugo)**Lugar:** Museo Etnográfico de San Paio de Narla**Data:** 22 de novembro de 2008**Informante/Intérprete:** José Antonio Barreiro Villar**Idade no momento da gravación:** 53 anos**Xénero:** Adiviña<http://www.aelg.org/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=85>

1. **Realizade** a visualización destas tres adiviñas no enlace da AELG.
2. **Reescribe** en prosa coas vosas palabras cada unha das tres adiviñas. En grupos, **compáraas** coas dos teus compañeiros de aula. **Escollede** as que resulten máis atraentes.
3. **Realizade** agora as versións en verso das tres adiviñas. **Comparádeas** e **elixide** as que resulten máis atraentes.
4. En grupos, **realizade** un inventario das adiviñas que coñecedes entre todos os compoñentes do mesmo e **escribídeas**. **Organizade** entre todos os grupos da aula unha sesión de acertos das adiviñas. **Comeza** un grupo lendo unha das súas adiviñas e cada voceiro dos restantes deberá **achegarlle** por escrito a posible resposta. Despois, **leranse** as respostas e **adxudicaranse** os acertos ao/s grupo/s que corresponda. **Continuará** a rolda de lecturas de adiviñas ata que se considere oportuno ou se esgoten o número de textos. Por último, **resultará** gañador o grupo que máis adiviñas acertase.